



Concello de Xermade

Decreto

Asunto: Adxudicación do contrato mixto subministración e obra “Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade”, Plan Único 2018.

D. ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE – PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE XERMADE- LUGO.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 152/2019 de data 02.04.2019 polo que se aproba o expediente de contratación da subministración/obra. O 02.04.2019 publicouse anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público. O prazo rematou o 17.04.2019.

Tendo en conta que a mesa de contratación reuniuse 23.04.2019 para apertura de ofertas, e tras solicitude de informe técnico ao enxeñeiro industrial superior designado pola Deputación D. Antonio Álvarez Cabanas, reuniuse novamente o 29/04/2019, acordando:

*“(…) Primeiro.- A exclusión dos licitadores **Emprende e Constrúe, SL; Mabegal, SL, Proxecta Obras e Servizos, SL e Globalser Soluciones Integrales, SL**, xa que non presentan tódolos documentos técnicos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares, consonte ao disposto na cláusula 9.4 do prego.*

*Segundo.- Propoñer como adxudicatario do contrato a **S3 Systems & Soluciones, SL.**, por ser o que acadou a maior puntuación, dacordo coas valoracións contidas na seguinte táboa:*

Licitador	Puntuación sobre A	Puntuación sobre B	Puntuación total
Manuel Novoa Castro, SLU	25,00	71,44	96,44
Hallmann Energie, SL	25,00	67,59	92,59
Elecnor, SA	25,00	65,31	90,31
Electricidad Moncho y Santomé, SL	25,00	70,93	95,93
S3 Systems & Soluciones, SL.	25,00	75,00	100
Instelec, SL.	25,00	60,44	85,44

Terceiro.- Requirir ao proposto como adxudicatario para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data da recepción da comunicación, constitúa a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

Comprobado que o licitador se atopa inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número 5325, pero que unicamente consta inscrito o obxecto social, debe achegar, no antedito prazo, a documentación acreditativa das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, consonte ao disposto na cláusula oitava do prego.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.”

Tendo en conta que 30/04/2019 notificouse o requirimento de documentación á proposta como adxudicataria, que achegou a documentación o 10/05/2019 en Correos, sendo recibida no Rexistro o 13/05/2019 con rexistro nº 2019-E-RC-786.

Examinada a mesma, foille requerida a presentación de certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e Seguridade Social en vigor, que presentou o 14/05/2019 por correo electrónico.

Concello de Xermade



Concello de Xermade

Tendo en conta que a empresa figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, achegou:

- Aval bancario da entidade Caixabank de data 09.05.2019, por importe de 1.554,35€, con núm. de rexistro 9340.03.2062047-4.
- Escritura de constitución e CIF da persoa xurídica. Na escritura constan os datos identificativos do administrador, que coincide co representante nesta licitación.
- Acredita solvencia económica con seguro de RC e solvencia técnica.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención municipal o 14/05/2019 de fiscalización previa da fase D.

Examinada a documentación que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa *S3 Systems & Soluciones, SL.*, o contrato de mixto subministración e obra **Substitución de equipos de alumeado no Concello de Xermade**, **Plan Único 2018**, por importe de 31.087,00 euros e 6.528,27 euros correspondentes ao IVE, o que supón un total de 37.615,27 euros (IVE ENGADIDO) consonte á oferta presentada.

SEGUNDO.- Excluír aos licitadores *Emprende e Constrúe, SL*; *Mabegal, SL*, *Proxecta Obras e Servizos, SL* e *Globalser Soluciones Integrales, SL*, xa que non presentan tódolos documentos técnicos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares, consonte ao disposto na cláusula 9.4 do prego.

TERCEIRO.- Notificar a *S3 Systems & Soluciones, SL.*, adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar en Xermade ás 10:00 horas do día 16 de maio de 2019.

CUARTO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Xermade e na Plataforma de contratación do sector público.

QUINTO.- Nomear directora de obra e coordinadora de seguridade e saúde a D^a. Lucía Fernández Constenla, arquitecta municipal.

SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público

O que asinto en Xermade, na data indicada á marxe, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde,

Perante min,
A Secretaria – Interventora,

Asdo.- Roberto García Pernas.

Asdo.- María Cristina Varela García.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027